

O libro dos cans
Estevo Creus

Confeso que o propósito é aloucado e de difícil manexo. Máis aínda, penso que é algo inabranquible para calquera intelixencia, xa que esta nunca perdurará o suficiente como para poder enumerar todas e cada unha das miles de variantes que hipoteticamente servirían para acadar o propósito.

Pero se esto xa é de seu un problema irresoluble, non o é menos a constatación de que a miña intelixencia única e exclusivamente poderá xerar variacións sustentadas na súa propia estrutura, quedando fóra do seu alcance os centos de millóns que seguramente xurdirían de estruturas diferentes á miña.

Así pois, o que hoxe vos presento non é máis que unha tarefa inconclusa, pero a fin de contas, a tarefa que consume todo o meu tempo e toda a miña ansia dende hai máis de 20 anos.

Todo empezou un día de xaneiro de 1976. Coido que chovía. Alomenos eu recordo algo así como unha humidade de

chuvia nos cristais e esa inquietante certeza da existencia do mar;
O seu volume.


Tamén había ceo; aínda que a súa liña divisoria era confusa, como confusa era a intensidade dos ouveos a camiñar polas rúas abaixo. Foi nese momento, nese xusto momento dese fatídico ano, cando eu me decatei de que me faltaban os cans; os meus preciosos cans.

Despois, a penas nada. O único que podo recordar é precisamente iso; o meu nariz apegado ós cristais da miña casa e os pasos lentísimos dos meus zapatos brancos.


Aqueles zapatos brancos.

Eu teño esperado días enteiros a chegada dos cans
e lentamente
moi lentamente
pintar a miña casa
co ruído dos barcos.

Esta é, pois
a súa arquitectura.
(a estratexia).




- a) CHAPA DE ACEIRO PINTADA CON MINIO
- d) CONTRA ABATIBLE DE EIXO HORIZONTAL




PLANTA

- 1) CAMPO DE LEITUGA
- 2) PATIO DE PEDRA
- 3) ESPACIO INTERIOR
- a) ENLOUSADO DE GRANITO 50 X 80 X 10 CM
- b) ESTRUCTURA CON PERFÍS DE ACEIRO LAMINADO HEB
- c) CHAPA DE ACEIRO PINTADA CON MINIO



PLANTA



ALZADO CON POLEA

(I)
O lugar non é máis que o rastro da estratexia
A súa resaca.



No teito
planto unha ringleira de cactos.
Espero, sen máis, a lentitude.

Un xogo
de álgebra e de plantas




Constrúo un trampolín
e pinto unha frecha na fachada.

Seguro que chegarán os cans. Estou seguro.

Despois de todo
a casa é un lugar de frechas e caídas;


unha piscina
para as palabras confusas.



Mirar
unha e outra vez a mesma imaxe.

Construír unha máquina
para deter a cabeza.

Despois;
cambalear.




Espirse.


Facer da miña casa unha pantalla.

Proxectar dende as leitugas
animais pesados.

Mirar peixes.



Nubes
construír unha balanza para as nubes.
pesar nubes.
Balancearse.
Seguir pesando nubes.



Despois
pornografía.

A casa elástica.



Porque eu presíntoo todo.

Fágome raíz, cerne, astrolabio.

Confundo o meu sono co tacto das galaxias.

Descubro ubres

parabólicas

cerebros para o espanto.


Depois
mirar pornografia.

Tensores.


Meterse
leitugas e tensores.

Tocar ceo.

Cambalear.



Eu teño esperado días enteiros a chegada dos cans
e lentamente
moi lentamente
pintar a miña casa
co ruído dos barcos.




Descanso. A mecânica é descanso. Descanso.
Distraio o meu descanso.

E despois do descanso
a confusión non é máis que a propia lentitude da chegada.

E entón penso en moverme
adiantarme
moverme en toda dirección.

Apartar os meus zapatos
da espesura.



Apurar os meus zapatos brancos
e facer unha casa á medida.

Sentar no teito e quedar.

Proxectar diapositivas de peixes e verduras.

Quedar.

Esperar os cans
cazando saltos.




Porque eu sei que todo é un proceso de esperar e doerse.

A distancia sei que pode reducirse coa estratexia e a beleza entraña, de seu, unha ferida.


Constrúo un leito de cravos pra cravarme.
Mato o tempo, redúzo.

Fago da casa un leito de faquires.
Sangro
nubes.



Sangro- nubes
e preveño a tiranía da cabeza con mapas topográficos,
ecuacións, sistemas, e marcas dixitais.
Manteño a atención nos procesos;
na súa rapidez e na súa lentitude.
Esperto e miro vacas. Nabizas.

Sei que estou nun campo de palabras e de congres.
Fago da casa un faro cartesiano.
Ordeno o xardín, as súas coordenadas.
Sento-sillas.




Subo as escadas
e paseo entre os secadoiros de peixes e de congros.
Planto unha maceta á beira da piscina.
Humanizo o meu corpo;
as horas mortas, os cisnes.

Co Outono,
o estanque será a inercia
das follas caídas;

unha estación para esperar e deterse.

Detrás
as cores:


resumindo.




E constrúo os espacios da casa.
A estrutura.

Perderse polo centro.

Tiradores.




Polea para cactus.




Paralelas.

Eu teño esperado días enteiros a chegada dos cans
e lentamente
moi lentamente
pintar a miña casa
co ruído dos barcos.




(II)

Descanso. A mecânica é descanso. Des-canso.



E despois de des-canso,
éntrame unha palabra no fígado.
Baldeiro a piscina. Sento na bancada.
Aplaudo.
Ducias de peixes se asfixian no acuario
e a miña cara mira divertida o canto das gaiivotas.
Están aí; colleitando robalizas e sardiñas.
Facendo da casa un teatro pésimo.
Aplaudo.
Con cara divertida. Aplaudo.



Aplaudo
e varío unha e outra vez o meu teatro

Escenifico as leitugas.
Procuro a súa lentitude.

E detrás de min
en min;
os peixes


Mecánicas de salto.

Porque todo reside
Na ciencia da mecánica dos saltos.
En tornar o invariable en variable
e apurar a chegada.


Apurar os meus zapatos brancos

Correrse
mirar pornografía
e correrse

Adiantar o lugar
matando vacas.



tirapedras



Apurar os meus zapatos brancos
e montar a plataforma para a chuva.

Ducharse.

Acelerar a auga e os segundos;
lavar cactos


Depurar no meu corpo
os restos da resaca.




Pegar flores
e apurar os meus zapatos brancos.

pensar

na súa traxectoria.



Protexer o lugar e
plantar frechas.



Porque todo consiste
na dor do trânsito da espera;
a mecânica.
O tempo
sei que pode reduzir-se coa estratexia
e a casa é o lugar para distraer as feridas.
Constrúo unha diana para as moscas

mato moscas

acurto o ciclo na arañeira.



E así,
xogar a divertirse e tirar pedras.

Solidificar as feridas

Parar-augas.

apurar os meus zapatos brancos

Eu teño esperado días enteiros a chegada dos cans
e lentamente
moi lentamente
pintar a miña casa
co ruído dos barcos.

(algoritmo moral de inhibición)

E Hoxe, esnaquizo as vacas da memoria. Unha idea horrible mastúrbase intimamente comigo, e os seus zapatos parecen cadrar cos meus zapatos. Adiántome.

Hoxe sei de certo que esnaquizareí avións e que abrirei en canal o ventre dunha muller preñada e que meterei a semente da balea no sexo precioso e afeitado dunha muller enferma.

Poder verlle os ollos cheíños de saliva. Enfermar con ela e espertarme.

Hoxe constrúo a miña acción con palabras obscenas e malditas. Subo ó teito da casa e íspome dentro da gaiola. Pecho a cancela e gardo o meu corpo co meu medo.

Espero
tranquilamente
a chegada dos cans.

Tranquilo.

Estou tranquilo.


Pero non podo dicir porque estou aquí.
Como cheguei.
A casa confúndese co corpo
e eu
o único que podo recordar é precisamente iso
o meu nariz apegado ós cristais da miña casa
e os pasos lentísimos dos meus zapatos brancos.
Tamén había bocas
e palabras
e familias de risa despedíndome.
Pero eu non estou seguro.
Daquela aínda os cans non apareceran, e eu
o único que podo recordar é precisamente iso:
o meu nariz apegado ós cristais da miña casa
e os pasos lentísimos dos meus zapatos brancos.
Aqueles
zapatos brancos.

Despois
a penas nada.

Facer a casa e esperar os cans.
Construír unha casa para os cans

adiantarse sequera
un segundo
á súa lentitude.

Apurar os meus zapatos brancos.



e facerme visible no xardín.

Tatuarme de esporas no centro do xardín.

Medrar branquias.

Pero non podo dicir porque estou aquí. Como cheguei.


Eu teño esperado días enteiros
a chegada dos cans
e lentamente
moi lentamente
pintar a miña casa
co ruído dos barcos.

(III)

Pinturas. Mecánicas, artefactos e pinturas.

Pinturas.

Artefactos



Projector de animais pesados.

A: carro deslizador de animais


B: Soporte e difusor de luz.




Reloxo para vacas.




Tiradores



Xadrez de frechas.
(direccional)



(1)




(2)

Para-ugas

(1). Posición de escorrentamento.

(2). Posición de para-ugas ou de delimitación de espacio seco.



Gaiola de corpos e de medos

A: estanco para o corpo

B: estanco para asentar o obxecto do medo.



Tirapedras



Soporte para pedras




Diana para moscas
(arañeira ou cortaciclos)



Trampolín




Polea para cactus



Secadoiro de peixes e de congros



Sangra-nubes



Plataforma para a chuva.

A: recoledor de chuva.

B: pé

C: buraco difusor / ducha



Balanzas




Muxidoira ou parabólica de espantos



Máquina para deter a cabeza ou
artefacto de atención constante ós cans.

A: presa da cabeza

B: pé




Andamio ou atracción de feira.



Delimitador de espacios

A: lugar seguro ou de confianza absoluta

B: lugar de confianza probable ou de mínimo risco.



Tesela para espera ou marcador de saltos temporais

Mecánicas. Pinturas e mecánicas. Mecánicas



Apurar os meus zapatos brancos

h • h • h • h • h • h • h • h • h • h • h

Sentar sillas




Coordenadas











Mecánica de saltos